



Voadora estreará 'Hoax Hamlet', o seu novo espectáculo, no festival Escenas do Cambio

A compañía de teatro de vangarda presentará o venres 5 de maio en Compostela a creación escénica, que estará dirixida por Hugo Torres

A xira de 'Othello', a adaptación transgresora da traxedia de Shakespeare, continuará no mes de maio sobre escenarios de Alemaña e Portugal, para regresar a Narón o 28 de maio e Ourense o 9 de xuño



21 de abril de 2022.- A compañía de teatro de vangarda **Voadora** estreará o vindeiro 5 de maio, en Santiago de Compostela, a súa nova creación, **Hoax Hamlet**. A peza, dirixida por Hugo Torres - intérprete, músico e director artístico da *troupe*-, e coa que compañía celebra 15 anos sobre os escenarios, terá a súa estrea estatal no marco da nova edición do festival **Escenas do Cambio**, cuxa programación foi presentada esta semana.

"Hoax Hamlet é unha fábula, un monstro, unha historia de amor, un fillo. É teatro, pero tamén é outra cousa", avanza Hugo Torres, quen tamén asina, xunto a Fernando Epelde e Diego Anido, a dramaturxia da obra. **"Esta peza é unha homenaxe ao noso equipo técnico, ás persoas que traballan habitualmente con nós e que, en xeral, nunca vemos sobre un escenario"**, sinala.



Así, sobre o texto de Fernando Epelde e a escenografía de Marta Pazos, Torres dirixe unha **peza coral** na que participarán, tanto en escena como coa interpretación de música en directo, Montse Triola (distribución), Pablo Chaves Maza (axudante de escenografía), David Rodríguez (son), Iván Núñez Casal (iluminación) e Vicente Conde (administración), entre outros nomes, e que conforman o equipo técnico da compañía. O espectáculo tamén conta coa música orixinal de Hugo Torres acompañado por novas creadoras, como son Mariña Paz Otero e Tom Archi, e a iluminación de Iván Núñez Casal.

A estrea de **Hoax Hamlet** será o **xoves 5 de maio, ás 20.00 horas, na Cidade da Cultura**, espazo no que a propia compañía realizou unha residencia creativa nos meses de novembro e abril. As entradas xa están dispoñibles no web <https://escenasdocambio.org/es/venta-de-entradas/>.

XIRA DE OTHELLO

Por outra banda, o espectáculo de Voadora **Othello, dirixido por Marta Pazos**, segue coa súa xira internacional e galega esta primavera. A creación poderase ver, nas vindeiras semanas, no alemán 39° Heidelberg Stückemart (**8 de maio**), no Teatro Nacional São João de Porto (**21 e 22 de maio**), no Pazo da Cultura de Narón (**28 de maio**) e, finalmente, no Teatro Principal de Ourense (**9 de xuño**). *Othello* é unha visión transgresora da obra de Shakespeare, celebrada por público e crítica desde a súa estrea absoluta en Madrid o pasado mes de maio. A adaptación do libreto, asinada polo dramaturgo ourensán Fernando Epelde, está atravesada pola **posverdade e as violencias machistas**. Tamén, tal e como é habitual nas propostas de Pazos, a hibridación de linguaxes e a plástica terán especial protagonismo na escena. O espectáculo, unha coprodución de Voadora coa MIT Ribadavia, o Teatro de La Abadía e o Teatro Nacional São João de Porto, pretende por o foco nas personaxes femininas e atacar a crudeza do *Othello* desde a pulsión xerada por binomios como a verdade e a mentira ou o público e o íntimo. A actriz **María Vázquez** introducirase na pel de Desdémona, acompañada sobre as táboas polos intérpretes **Pablo Chaves, Ana Esmith (Miss Beige), Chumo Mata, Hugo Torres e Diego Anido**.

SOBRE A COMPAÑÍA

Unha mirada irreverente e unha coidada posta en escena caracterizan o traballo de Voadora. Baixo a dirección de Marta Pazos, a compañía galega aposta pola investigación na creación contemporánea cun equipo formado por artistas complementarios de diferentes disciplinas cuxa hibridación resólvese, en cada peza, nun acto de profundo e sincero amor pola arte. A visión ética do traballo teatral, o coidado exquisito de cada elemento e unha fonda reflexión sobre a realidade desde as periferias caracterizan a Voadora, capaz de transformar a contorna do público para presentar montaxes únicas nas que a compañía, unha potente máquina de xerar experiencias e preguntas sen resposta, deixa sempre o seu sinal.



Contacto de prensa de Voadora

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Luisa Castiñeira - 620 113 155 - luisa@theofficeco.es

Sala de prensa de Voadora

Fotos, vídeos e material informativo

www.voadora.es/sala-de-prensa-press-room